

CRÓNICA DO BELÉN

Vellos falando sós, meniños a choros polas longas viaxes, mozotes dacabalo de potentes máquinas, eivados con muletas, familias enteiras... ¿Que pretenden atopar?... ¿Que estamos a ver?...

-Estes trouxémolos cando eran pequeniños e agora volven outra vez.

-¡Que mágoa non trae-la cámara de vídeo!

-¡Está de marabilla!

A xente, a moreas agardando por ver aquilo.

Begonte da Chaira é, non dubidalo, un novo centro de interés para cristiáns e para os que non o son, tan desexosos todos de atoparen motivos que os impulsen, diferentes ás romaxes tradicionais.

E dentro, todo o mundo traballando no que sempre foi noso: o afiador, o ferreiro, o oleiro, a tecedeira, a queixeira, o gadañeiro, maderistas con cimbróns, carpinteiros dos de antes, oficios alí recuperados, pero que haberá que explicar.

E a auga, moita auga, coma na Chaira cando as enchentas: regatos, pontellas, fervezas, troiteiros e muíños, os vellos muíños coma os que aínda moen no río Parga.

A igrexa de Valdomar presidindo todo. Pobos enfoscados e outros no alto dos poucos curutos que coma A Corda, O Cadramón, A Peneda da Goía... hai na Terra Cha.

A Herodes que lle fagan unha Casa Grande de labranza, e ben lle chega, que a este belén non lle cadra ben un castelo.

Xentes e xentes descubrindo e imaxinando outros mundos e outros tempos:

-¡Aí veñen os Reis!

-¡Mira... aló no fondo, a Estrela!

-¡O cocho perdeu unha pata!

E o Neno chora... ¡Mira como chora!

-Mamá... e ¿por que chora o Neno?

-Porque naceu

E terá razón a nai que eso responde. Se cadra, neste mundo tan pouco garimoso, aparecer nel é cousa de moito pensar.

Un mundo máxico e real, ó mesmo tempo, o do Nadal en Begonte.

E o belén xa fixo a súa propia historia, xa conta cun museo. Outro acerto, porque todo vai cambiando, aínda que aquí a mudanza sexa demorada.